

ELECCIÓN A ASEMBLEA XERAL, COMISIÓN DELEGADA E PRESIDENCIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO

CONVOCATORIA

Segundo o previsto no Decreto 16/2018 de 15 de febreiro da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e dacordo co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, a Xunta Directiva da Federación Galega de Ciclismo convoca a celebración de eleccións á Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidencia.

O proceso electoral levarase a cabo de acordo có disposto no Regulamento Electoral aprobado pola Asemblea Xeral en xuntanza extraordinaria celebrada o 14 de xullo pasado e ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

A interpretación e aplicación do Regulamento Electoral corresponde á Xunta Electoral elixida pola Asemblea Xeral na mesma xuntanza antedita. A Xunta Electoral ten o seu enderezo no da Federación (r/ Fotógrafo Luis Ksado 17, ofic. 2, Vigo, e-mail juntaelectoral@fgalegaciclismo.es, fax 986431066) ó cal deberá remitirse toda a correspondencia dirixida á Xunta Electoral ou ás mesas electorais. A composición da Xunta Electoral é a seguinte:

- Presidente: D. Oscar F. Sánchez Alonso
- Secretaria: D. Laura Pedreira Estévez
- Vocal: D. Manuel Fajar Salcidos
- Suplentes: D. Manuel Jesús Buján Vázquez
D. Antonio Pazó Pazó
D. Ricardo Riveiro Núñez

Os actos do proceso electoral levaranse a cabo nas datas contidas no calendario electoral anexo ó Regulamento. O horario de votacións á membros da Asemblea Xeral será de 10,00 h. a 14,00 h.

As mesas electorais para a celebración das votacións estarán emprazadas nos enderezos sinalados no Regulamento Electoral.

Dende a publicación desta convocatoria queda exposto o censo provisional de electores e elixibles para que calquera membro da Federación poida consultalo e facer as reclamacións que estime oportunas perante a Xunta Electoral ata o día 17 de setembro. A consulta do censo pode facerse no taboleiro de avisos da Federación ou na páxina web da mesma.


As persoas que reúna as condicións para pertencer ó censo electoral por máis dun estamento, disporán de prazo ata o 17 de setembro para manifestar por escrito perante a Xunta Electoral a súa opción por un ou outro estamento. Os criterios para identificar os electores nun único estamento, no caso de non exercer a opción individual, serán, por esta orde, no censo de xuíces/árbitros, no de adestradores ou no de deportistas.

Con carácter provisional indícase que a Asemblea Xeral estará composta por **73** membros distribuídos do seguinte xeito por estamentos: clubs **50**, deportistas **15**, técnicos **4**, xuíces-árbitros **4**. E a Comisión Delegada estará composta por **9** membros distribuídos do seguinte xeito: **3** designados polo Presidente; **3** polo estamento de clubs; **1** elixido polo estamento de deportistas; **1** elixido polo estamento de técnicos; **1** elixido polo estamento de xuíces-árbitros. Unha vez aprobado o censo definitivo, eses datos serán ratificados ou modificados pola Xunta Electoral para adaptalos ó disposto no Decreto.

Coa publicación desta convocatoria electoral, a Xunta Directiva cesa nas súas funcións e queda constituída a Comisión Xestora.

Así mesmo coa publicación da convocatoria e do censo provisional ábrese o prazo para solicita-lo voto por correo perante a Xunta Electoral. Dito prazo rematará o día 9 de outubro.

Vigo, 3 de setembro de 2018.



O Presidente
Juan Carlos Muñiz Nieto

